



7º BudiñoRaid Valença-Tui 2022

Instruções de carreira

A proba

O 7º **BUDIÑORAI**D 2022 vai discorrer polos concellos de **Valença do Minho** e **Tui**, ambos á beira do río Miño; Rexión transfronteiriza situada entre España e Portugal denominada **Eurocidade Tui-Valença** e terá como lugar de saída e meta **a fortaleza do concello de Valença de Minho**.

Horarios da Proba categorias 3.0 e 2+1

- **Venres 09-setembro dende as 20:00 as 22:00 horas:**
 - Recollida de dorsais no **Pavillón municipal de Valença** e Apertura do chan duro.
- **Sábado 10-setembro: (Categorías 3.0 e 2+1)**
- **7:30 as 8:45:**
 - Apertura de Boxes na zona de **Saída** e na **Transición 1**.
 - Recollida de dorsais na **Fortaleza de Valença**.
- **8:45 – 9:00:** Charla Técnica da carreira na zona de saída.
- **9:10:** Entrega dos mapas da carreira.
- **9:28:** Chamada a presaida.
- **9:30:** Saída do Raid dende a **Fortaleza de Valença**.
- **19:30:** Peché de meta na **Fortaleza de Valença**.
- **20:30:** Entrega de trofeos e pincho de confraternidade no **Pavillón municipal de Valença ou na Meta** (Dependendo de como estea o tempo)

Horarios da Proba categoria OrientaRaid

- **Venres 09-setembro dende as 20:00 as 22:00 horas:**
 - Recollida de dorsais no **Pavillón municipal de Valença** e Apertura do chan duro.
- **Sábado 10-setembro: (Categoría OrientaRaid)**
- **9:30 as 10:30:**
 - Apertura de Boxes na zona de **Saída** e na **Transición 1**.
 - Recollida de dorsais na **Fortaleza de Valença**.
- **10:30 – 10:40:** Charla Técnica da carreira na zona de saída.
- **10:40:** Entrega dos mapas da carreira.
- **10:58:** Chamada a presaida.
- **11:00:** Saída do Raid dende a **Fortaleza de Valença**.
- **17:00:** Peche de meta na **Fortaleza de Valença**.
- **20:30:** Entrega de trofeos e pincho de confraternidade no **Pavillón municipal de Valença ou na Meta** (Dependendo de como estea o tempo)




LOCALIZACIÓNS E ASISTENCIAS

- A secretaria do Venres, o chan duro e as duchas estarán ubicadas no pavillón municipal de Valença. A secretaria estará aberta o venres 9 de 20:00 a 22:00h para tódalas categorías. O chan duro estará aberto a partir das 20h do Venres 9 de Setembro. As duchas pecharanse as 21:00h do sábado 10 de Setembro.
- A secretaria estará aberta tamén o Sábado, na zona de saída e meta, de 7:30 a 8:45h para as categorías Raid3.0 e Raid2+1, e de 9:30 a 10:30h para a categoría OrientaRaid. Recomendase que pasedes o Venres, sobre todo os que teñades que xestionar algún cambio de última hora.
- Tendes varias **zoas de aparcamento** moi preto da zona de saída así como na inmediateción do chan duro, onde os equipos poderán deixar os seus vehículos. Na zona de saída e meta teremos unha zona de estacionamento reservada para a proba.
- O acceso a zona de saída e meta está restrinxido o tráfico; Utilizar o aparcadoiro reservado e accedede o centro de competición a pe.
- **A transición 1 estará aberta a partir das 7:30h, a nosa recomendación é que a primeira hora deixedes alí as vosas caixas, palas do kayak e en xeral todo o voso material a non ser o que vaiades a empregar nos sectores 1 e 2 e posteriormente vos dirixades xa a zona de Saída. O final do RAID Deberedes recoller voso material e deixar libre esta transición mais tardar as 20:30h.**
- Nas inmediacións da transición 2 aparcaremos no marxe da estrada.

Toda a información sobre localizacións e asistencias, podédelas consultar no seguinte mapa interactivo o cal podedes acceder co código QR ou no seguinte enlace:

https://www.google.com/maps/d/edit?mid=1oVgDxtFiODpzJYJFKQn_vB6agq2Ylc&usp=sharing

Agradeceríamos que os que vaiades facer uso do chan duro o notifiqúedes previamente a organización a través de budinhoraid@gmail.com



CENTRO DE COMPETICIÓN


- Os boxes abrirán as **7:30h** para as categorías **3.0 e 2+1** e as **9:30h** para a categoría **OrientaRaid**.
- Na **transición 1** teremos dende primeira hora un area delimitada para os boxes, polo que **se recomenda que antes de ir para a saída, deixade xa as vosas caixas e material dentro de esa zona.** Na zona de saída só ides necesitar o material para a sección 1(O-Pe) e a 2 (BTT) e a maioría de vos ides ter que portar as zapatillas de correr durante o sector 2, para disputar a proba especial de O-Pe que hai no medio deste sector; Coa excepción dos equipos **orientaraid** que si poderán facer asistencia e relevo de compoñentes nesa zona.
- Atención o **material obrigatorio e de seguridade.** Faremos controis de material durante a proba.
- Na zona da **saída/meta** teremos un **aparcadoiro reservado** para a proba, non así na transición 1 onde so podedes baixar cos vehículos para deixar o voso material e inmediatamente deberedes retiralos.
- Os mapas entregaranse a todos os equipos no mesmo momento, con excepción dos mapas do primeiro sector que se entregarán no momento xusto de inicio do raid.



SECTOR 1

O-PE

- Sector lineal realizado na modalidade de **Orientación a Pé**, con unha distancia de aproximadamente **2 kms**, que percorrerá as rúas e pasadoiras das **murallas de Valença**.
- Deberedes **interpretar o mapa** para atopar a forma de cruzar de un recinto da muralla a outro e **recordade** que **está totalmente prohibido percorrer ou saltar os muros da fortaleza** por baixos que estes sexan. Estes estarán sinalados no mapa cos símbolos **201 cortado non pasable e 515 muro non pasable** da normativa **ISSprOM 2019**. O equipo que sexa visto incumprindo esta premisa será **descualificado**.
- A **saída do raid será en masa**. Dous minutos antes da saída faremos unha chamada a presada para que vos vaiades colocando.
- Neste sector teremos **tres mapas con tres recorridos distintos** para a **categoría 3.0**, **dous mapas con dous recorridos distintos** para a **categoría 2+1** e un só mapa para a categoría **Orientaraid**. Cada compoñente do equipo **debe realizar a proba de forma individual** cun dos mapas, para poder optar o total de puntos do sector. Cada un debe picar só as balizas do seu recorrido en caso contrario contarase como **erro de picaxe**.
- Os mapas deste sector, estarán todos xuntos **colgados dunha corda e identificados co número do voso dorsal**. Cando se de a saída, colleredes os que correspondan co voso dorsal. Cada paquete conterá 3 mapas para a categoría 3.0, dous para 2+1 e un para orientaraid. **Debedes repartir os mapas**, un por cada compoñente do equipo e comezar a proba de forma individual (**excepto Orientaraid que so ten un mapa e fan a proba todos xuntos**)
- Non podedes comezar co sector 2 mentres non rematen este sector todos los compoñentes do equipo.
- **A baliza final de sector vai a ser a ultima baliza do recorrido**. Non haberá baliza de final de sector no dobre circulo.
- **Pola vosa seguridade está prohibido correr polo núcleo urbano cas zapatillas da BTT, se estas teñen calas. Tédeo en conta por si tedes que portear as zapatillas de correr, xa que as volveredes a necesitar para a proba especial de O-Pe do sector 2 (BTT) .**



SECTOR 2


BTT

- Este sector será realizado na modalidade **BTT**, con unha distancia de aproximadamente **35 km** (24Km Orientaraid). A súa saída terá lugar na **muralla de Valença** para rematar na **transición 1**.
- O sector será realizado na **modalidade en liña** con un **mapa de escala 1/20.000** feito para a ocasión e actualizado con os camiños necesarios para a realización da proba.
- **Atención** as **estradas prohibidas** e os **pasos permitidos**, **habrá persoal** da organización neses puntos **tendo conta** dos participantes e **vixiando** o cumprimento das normas.
- Deberedes elixir ben os vosos trazados se queredes facer o sector no menor tempos posible. Tede conta de que hai zoas con fortes pendentes e terreo solto que vos poden facer cambiar de opción unha vez no sitio.
- Polo final do sector **teredes unha proba especial de orientación a pe urbana**. Estará sinalada no mapa. Deberán realizar a proba os compoñentes que veñan facendo a proba de BTT polo que teredes que portear o mapa da proba e as vosas zapatillas para correr. **Na categoría orientaraid poderán relevar os seus participantes, como se de una transición se tratase.**
- **Atención a hora de peche** tanto do sector como da proba especial as **14:30h**.
- O final do sector, cando chegedes a **transición 1** Recordade picar a baliza de final de sector.
- O finalizar o sector tamén teredes que **realizar a descarga das vosas pinzas**. Tédelo que facer **tódolos compoñentes do equipo xuntos, incluído o que estivera descansando na categoría 2+1**. En categoría **Orientaraid** e suficiente con que o fagan os compoñentes que veñan de facer o sector.



PROBA ESPECIAL O-PE

- Trátase de unha proba de **Orientación a Pé urbana**, cunha distancia de aproximadamente **2 kms**.
- O sector será realizado na **modalidade en liña** cun mapa específico de orientación feito expresamente para a proba.
- O chegar a zona da proba, deixaredes as vosas BTT e realizaredes a proba tódolos compoñentes do equipo xuntos, o acabar recolleredes de novo as BTT para continuar hasta o **final do sector 2**.
- **SOAMENTE na categoría Orientaraid** permítese a asistencia do equipo así como que os compoñentes do mesmo se releven para facer esta proba.
- **Atención a hora de peche da proba especial as 14:30h.**
- **Pola vosa seguridade está prohibido correr polo núcleo urbano cas zapatillas da BTT, se estas teñen calas. Tédeo en conta por si tedes que portear as zapatillas de correr no sector 2 (BTT).**



SECTOR 3

KAIK

- O tercer sector do raid será un **kaiak** ao longo do río Miño, cunha distancia aproximada de 8km (4km para orientaraid) a partir da **transición 1** e rematando na **transición 2**.
- O sector realizarase na **modalidade Score** sobre un mapa a **escala 1:20.000**.
- **Dispoñedes de un Kaiak por equipo, polo que so participan dous compoñentes.**
- Na **categoría 3.0** o tercer compoñente poderá realizar unha **proba especial de patinaxe** consistente nun recorrido liñal de aproximadamente 3km, dende a transición 1 ata a transición 2, durante a cal deberá picar tres balizas ocultas. Non ten dificultade pois tratase dun percorrido lineal sen desnivel e ben pavimentado, polo que **e obrigatorio facer a proba patinando e empregar Casco**, non vale só con portear os patíns. A zona por onde se vai realizar a proba especial estará marcada no mapa, considerade se o compoñente que faga a proba precisa dunha das dúas copias que tedes do mapa do río.
- **Atención as horas de apertura e peche de este sector (11:30h a 15:30h).**
- **Por motivos alleos a organización, a nosa proba coincide con outra proba deportiva que se estará realizando no río ata as 12:00h, a altura da zona de embarque do kaiak. Os equipos que entredes no río antes das 12:00h, deberedes navegar pegados a marxe española do río durante os primeiros 60m.**
- As balizas picadas despois da hora de peche do sector non serán válidas.
- Haberá un **punto na transición 2** onde os equipos que non dispoñan de asistencia, **podrán entregar o material de patinaxe ou calquera outro que xa non precisen despois do sector do kaiak** (cun límite de unha bolsa de 30L por equipo, subministrada pola organización) e tamén **as pas da súa propiedade (Deberedes telas identificadas co voso número de dorsal)**, que lles serán levados de volta a **transición 1**.
- **A transición 2, no final do sector do kaiak, recollese o peche de sección (15:30h) polo que alí non podedes deixar nada xa que non haberá ninguén controlando esa zona despois da hora de peche.**



SECTOR 4 TREKKING

- Este sector será realizado na modalidade de **Trekking**, cunha distancia de aproximadamente **22 km** para as categorías **3.0 e 2+1** e de **16km** para a categoría **Orientalaid**. A saída terá lugar dende a transición 2 e remata na transición 1 para as categorías **3.0 e 2+1**.
- Para a categoría **orientaraid** este e o derradeiro sector do raid polo que finalizaredes o sector na zona de meta, na fortaleza de Valença.
- O sector será realizado na **modalidade score** cun **mapa de escala de 1/15.000** actualizado cos camiños necesarios para a realización da proba.
- **Atención** as **estradas prohibidas** e **os pasos permitidos**, haberá persoal da organización nesos puntos **tendo conta** dos participantes e **vixiando** o cumprimento das normas.
- E recomendable o uso de **polainas ou maias longas** debido a basta presenza de mato baixo e toxo na súa maioría.
- De volta a transición 1, **categorías 3.0 e 2+1**, Teredes que cruzar a **ponte internacional Tui-Valença**. **Está totalmente prohibido cruzar a ponte pola súa calzada central**, deberedes facelo polas **vías peonís** a ambos lados da ponte.
- A transición 2 recollérase o peche da sección do Kaiak (15:30h) polo que alí non podeades deixar nada xa que non haberá ninguén controlando esa zona despois da hora de peche.

SECTOR 5

BTT

- Será feito na **modalidade de BTT**. A saída terá lugar na transición 1, rematando na **Meta, na fortaleza de Valença**, onde quedará clausurada a 7ª edición do BudiñoRaid.
- Terá unha distancia próxima de **35 km** e será realizado na modalidade en liña, con un mapa de **escala de 1/20.000** actualizado con os camiños necesarios para a realización da proba.
- Este sector **so o realizan as categorías 3+0 e 2+1**.
- No recorrido hai tamén multitude de **trialeiras**, algunhas con fortes pendentes e terreo solto. **Extremade as precaucións nesas zonas ou evitádeas se tedes dúbidas**. Nos mapas están sinaladas da cordo a ciclabilidade da vía co símbolo de **senda difusa**.
- **Lembre** que polo interior do **Parque Natural do Monte Aloia** **está totalmente prohibido circular coas bicis fóra dos camiños existentes**. **Atención** tamén **as sinais de prohibición de circulación e zonas acoutada**, pois dependendo da ruta seguida poderedes atoparvos con algunha.
- De camiño a segunda baliza do sector, deberedes cruzar una estrada nacional preto dun no de estradas, **facédeo polo paso de peóns**. Teremos persoal na zoa para facilitar o paso, pero recordade que o tráfico non está cortado e que debedes respectar as normas de circulación xa que a participación na proba non outorga dereito de paso algún.
- Moita precaución tamén na volta, na estrada que vai cara a ponte internacional sobre o río Miño dirección a **Valença**, pois a hora de peche de meta soe haber bastante tráfico de vehículos. Minorade a velocidade e estade atentos o tráfico.



A scenic view of a river with a bridge and a hilltop town in the background. The bridge is a modern concrete structure with a decorative metal railing. The hilltop town is built on a steep hill, surrounded by trees and vegetation. The sky is overcast with grey clouds. In the foreground, there is a paved area and a metal structure that looks like a ramp or a dock. The text "!! GRAZAS !!" is overlaid in the center of the image, underlined.

!! GRAZAS !!